

## CURSO COTSG


# A SUPERVISIÓN: UN INSTRUMENTO PARA A CALIDADE DA INTERVENCIÓN SOCIAL E O AUTOCOIDADO DAS PROFESIONAIS



- 
- 
01. RESUMO DEL CURSO
  02. FUNDAMENTACIÓN
  03. OBXECTIVOS
  04. CONTIDOS FORMATIVOS
  05. PERSOAS DESTINATARIAS
  06. CALENDARIO
  07. METODOLOXÍA
  08. AVALIACIÓN
  09. DOCENTE

# INDICE

# RESUMO DO CURSO



40 horas





Do 18 de marzo ao 27 de maio de 2026



Formación en liña



Gratuíto para persoas colexiadas e pre-colexiadas



# FUNDAMENTACIÓN

A **supervisión** é unha práctica común, aceptada e recoñecida no ámbito dos servizos sociais, educativos e sanitarios.

É un **apoio técnico** aos equipos e é imprescindible para mellorar progresivamente a atención na poboación, debido a que facilita a reflexión e análise dos procesos de traballo internos. A supervisión contribúe á **clarificación de tarefas e funcións** dos diferentes axentes na avaliación de casos ou situacións. Moitos profesionais traballan en equipos, outros traballan sós e todos necesitan desenvolverse profesionalmente, por iso necesitan tempos e espazos para reflexionar no marco dunha relación de supervisión.

É un **curso introductorio de 40** horas á supervisión permitíndose coñecer o campo da supervisión, mediante sesións en liña de marzo a maio de 2026, co obxectivo de que nun futuro poidádesvos formar, se estades interesadas, para poder exercer como supervisoras ou supervisores.

É unha **oportunidade para a reflexión e o pensamento** e permite potenciar as capacidades e competencias profesionais das persoas que se supervisan. A supervisión é un proceso e unha relación que ten o obxectivo de **revisar o saber facer profesional e os sentimentos que o acompañan**, así como contrastar os marcos teóricos coa praxe cotiá dos profesionais. (Puig,2015)

# OBXECTIVOS

- Aumentar a capacitación e o desenvolvemento profesional para realizar o seu traballo específico
- Favorecer a comunicación e a cohesión entre diferentes profesionais e disciplinas incrementando o potencial e a especificidade de cada persoa.
- Posibilita o aumento da calidade da atención nos servizos.
- Promove o coidado das/os profesionais e o seu benestar.


Estes obxectivos están en directa **relación coa eficacia e a eficiencia** dos servizos e dos profesionais e estrutúrase mediante espazos que permita aos profesionais unha tarefa de reflexión sobre a súa práctica e decidir as súas actuacións.

Son espazos no cales se articulan e **facíltanse procesos de atención** e cura desde un modelo flexible, coherente e estable que incorpore novos elementos pola realización da tarefa.

A supervisión contribúe a ter uns servizos de calidade á vez que **promoven o benestar** dos profesionais, favorecendo a consecución duns mellores servizos, a través da capacidade reflexiva dos profesionais sobre a súa propia práctica.



# CONTIDOS FORMATIVOS



**MÓDULO 1.** O CONCEPTO DE SUPERVISIÓN E AS SÚAS MODALIDADES. INTRODUCCIÓN Á BIBLIOGRAFÍA.

**MÓDULO 2.** OBXECTIVOS DA SUPERVISIÓN E CONDICIÓNS.

**MÓDULO 3.** OS SISTEMAS IMPLICADOS NA SUPERVISIÓN.

**MÓDULO 4.** ROL DO/A SUPERVISOR/A

**MÓDULO 5.** A CALIDADE ASISTENCIAL E A SÚA RELACIÓN COA SUPERVISIÓN.


**MÓDULO 6.** O AUTOCOIDADO PROFESIONAL E A SÚA RELACIÓN COA SUPERVISIÓN.

**MÓDULO 7.** ATENDENDO O MALESTAR INSTITUCIONAL, AUTOCOIDADOS E SUPERVISIÓN

**MÓDULO 8.** FERRAMENTAS E TÉCNICAS PARA DAR SOPORTE NOS EQUIPOS.

# PERSOAS DESTINATARIAS

PROFESIONAIS DO TRABALLO SOCIAL  
COLEXIADAS NO COLEXIO OFICIAL DE  
TRABALLO SOCIAL DE GALICIA EN  
SERVIZOS SOCIAIS, ENTIDADES DO  
TERCEIRO SECTOR, ADMINISTRACIÓNS E  
DIFERENTES DEPARTAMENTOS DE  
ORGANIZACIÓNS, EMPRESAS E  
INSTITUCIÓNS.



O curso é de **40 horas** das cales **30 sincrónicas** (en liña en directo) e **10 horas off line** (Traballo autónomo onde se proporcionarán materiais de lectura, consulta e de traballo persoal):

**SESIÓNS ONLINE**


SESIÓN 1  
SESIÓN 2  
SESIÓN 3  
SESIÓN 4  
SESIÓN 5  
SESIÓN 6  
SESIÓN 7  
SESIÓN 8  
SESIÓN 9  
SESIÓN 10

**DATAS**

18/03/2026  
25/03/2026  
1/04/2026  
15/04/2026  
22/04/2026  
29/04/2026  
6/05/2026  
13/05/2026  
20/05/2026  
27/05/2026

**HORARIO**

16:00–19:00  
16:00–19:00  
16:00–19:00  
16:00–19:00  
16:00–19:00  
16:00–19:00  
16:00–19:00  
16:00–19:00  
16:00–19:00  
16:00–19:00



**CALENDARIO**

# METODOLOXÍA



As docentes expoñerán conceptos e dinamizarán espazos de reflexión e contraste teórico.


Convidarase a todos/as os/as asistentes a **traballar con situacións, casos e experiencias que viven nas súas realidades.**

Preténdese que a ilustración práctica dos contidos teóricos sexa achegada polos participantes.

Complementariamente ten lugar un **proceso de meta-reflexión/supervisión** sobre as situacións que viven, que dá opción aos participantes para extraer aprendizaxes para aplicar no mesmo curso e despois nas súas organizacións.

Estas aproximacións metodolóxicas supoñen aos participantes do curso, a disposición para **explorar e compartir as súas vivencias.**


# AVALIACIÓN



- Elaboración dun **caderno persoal de bitácora** da experiencia da formación. Proporcionarase unha guía-modelo para poder elaboralo a cada persoa. Proponse unha data límite para a entrega do caderno persoal de bitácora da experiencia da formación.
- Asistencia a un **80% das sesións**. A asistencia ás **sesións en liña é obrigatoria**. Pódese non asistir a un máx. de dúas sesións se se quere obter o certificado. As sesións **non serán rexistradas**.


Se disporá de **4 horas de tutoría** para todo o grupo. Poden ser individuais ou en grupo. Ademais tamén se poderán realizar consultas vía plataforma de formación ou ca dirección electrónica facilitada pola docente.


O alumnado contará co apoio da **plataforma Moodle**, a través da que se facilitará documentación e outros recursos que se estimen axeitadas para o mellor aproveitamento da formación.

C

**CARMINA PUIG**

Doctora en **Antropoloxía, psicóloga e diplomada en Traballo Social**. Profesora honoraria de Traballo Social da Universidade Rovira i Virgili de Tarragona e Supervisora de equipos. Directora de dúas edicións de postgrado da supervisión no ámbito da atención ás persoas. Fundación URV.

P



Colexio Oficial de  
Traballo Social  
de Galicia

# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago  
de Compostela

981 568 100

[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)

[www.traballosocial.gal](http://www.traballosocial.gal)

[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

